



Concello de Bueu

RF: PLN/2020/12-(SESIÓN EXTRAORDINARIA MES NOVIEMBRE 2020)

ANUNCIO	
Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2020/12	PLENO

Tendo en conta a declaración do Estado de Alarma decretada polo RD 463/2020 para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID 19 que supuxo unha alteración no funcionamento ordinario das Entidades locais, non só no relativo á suspensión dos prazos administrativos, prestación de servizos públicos ou teletraballo senón tamén no relativo ás reunións non presenciais nos seus órganos de goberno e administración.

Para ese efecto, no marco das medidas adoptadas no seu momento, procedeuse pola Real Decreto Lei 11/2020, do 31 de Marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID 19, a modificar a Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local ao obxecto de permitir a realización non presencial de sesións dos seus órganos Colexiados.

Desta forma, o novo artigo 46,3 da Lei 7/1985 establece:

“En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos Colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen validamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes atópanse en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso.

Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten”.

En data 25 de Outubro de 2020 foi publicado no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto 926/2020 polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS- CoV2. O artigo 7.4 do Real Decreto indica que

“Non estarán incluídas na limitación prevista neste artigo as actividades laborais e institucionais nin aquelas para as que se establezan medidas específicas na normativa aplicable”.

Por tanto, o Real Decreto exceptúa da prohibición contemplada no apartado anterior actividades laborais e institucionais, entre as cales figurarían as sesións dos órganos Colexiados municipais.

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 6NR59FWYTYM349TDWXLJ7X | Corrección: https://bueu.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Bueu

RF: PLN/2020/12-(SESIÓN EXTRAORDINARIA MES NOVIEMBRE 2020)

Non obstante o anterior, o artigo 46.3 da Lei 7/1985 permite a realización das sesións de forma telemática en situacións de “forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas”, circunstancia que entendemos concorre durante a vixencia do Estado de Alarma decretado polo Real Decreto 926/2020, sendo ademais a opción que se considera máis recomendable para os efectos de asegurar a efectividade das medidas de prevención aprobadas, limitándose a presencialidade ao estritamente necesario.

DATOS DA CONVOCATORIA	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria (sesión pública a porta pechada) <u>Xustificación:</u> Expediente vinculado a subvención da Deputación provincial O carácter público da sesión vaise a garantir coa emisión en streaming da sesión plenaria a través da canle YouTube do concello, ao que tamén se poderá acceder a través do Facebook do Concello de Bueu, por mor das medidas sanitarias aprobadas polo goberno en relación ao COVID-19
Data e hora	1ª convocatoria: 24 de Novembro de 2020 ás 20:00 2ª convocatoria: 24 de Novembro de 2020 ás 20:30
Lugar	Celebración da sesión: Telemática a través de Gestiona Comunica Admite participación a distancia

ASUNTOS DA CONVOCATORIA
A) PARTE RESOLUTIVA A.1.- Aprobación da acta da sesión anterior (núm. 2020-0011, ordinaria do 02.11.20). A.2.- Proposta do concelleiro de cultura, medio ambiente e innovación e desenvolvemento tecnolóxico relativa á aprobación do Plan de Mobilidade Sustentable do Concello de Bueu. Expediente 2593/2020.
B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 6NR59FWYTYM-JN349TDWXLJE7X | Corrección: https://bueu.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2